

D. Ildefonso de la Campa Montenegro
Director da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo

Prezado Ildefonso,

Como supoño que lembrará, a comezos deste verán envieiche un escrito, reiterativo de outros enviados anteriormente a outras persoas que te antecederon no cargo, laiándome da precaria situación na que se atopa o Albergue público de Peregrinos que teoricamente coxestionamos ambas as dúas partes en Ribadeo.

Levamos varios anos de estériles intentos para executar as obras que exceden o mantemento ordinario ao que, de sempre, nos temos comprometidos desde o Concello. De feito, non esaxero nada se digo que nos derradeiros 15 anos, a Xunta de Galicia, a través da Sociedade de Xestión do Xacobeo non investiu cantidade algunha no amaño e remozado deste inmovible, que aínda sendo pequeno e feitiño, non deixa de ser o primeiro establecemento público de recepción que se atopan os peregrinos na súa entrada ao noso país, cando entran polo Camiño Norte.

De todo isto teño falado e intercambiado diversa documentación co anterior Director, Rafael Sánchez Bargiela, chegando a recoñecerme este, que a Xunta non tivera actuado correctamente neste caso ao tempo que se comprometeu a efectuar as melloras estruturais necesarias para que estivera preparado para o Xacobeo 21. O caso é que o verán do ano Xacobeo 2021 está a piques de fuxir e nada se fixo.

Descoñezo se as obras prometidas e necesarias para a súa reapertura se van executar xa. Descoñecemos igualmente se se foron solicitando as correspondentes e preceptivas autorizacións sectoriais a Patrimonio, ao Pol, a Medioambiente, a Costas do Estado, etc. para garantir a correcta actuación nesa contorna. A día de hoxe só puiden saber de xeito oficioso e polos medios de comunicación que voceiros políticos locais se amilagraban e anunciaban hai xa meses cuantiosas inversións nesta pequena instalación.

A pírrica aportación que o goberno galego ten con Ribadeo neste “ano santo” só foron unhas bandeiriñas que se nos colocaron nunha concorrida rúa da vila. Como comprenderás, mingurrias coma quen di, para o Concello que é a Porta Norte do País para os milleiros de peregrinos que se achegan na súa peregrinaxe a Santiago.

Agardo saber oficialmente cales son os vosos planes para este albergue, e aínda que o verán maravilloso xa pasou, cando menos gustaríanos que puidese volver funcionar, dado que o seu estado actual non o permite. Entrementes iso sexa así, non poderemos renovar o convenio de colaboración entre as dúas partes. A menos que



desde a Xunta de Galicia e mais esa Sociedade pública consideredes de xestionalo vós completa e directamente. Algo que pola nosa banda, tampouco veriamos con malos ollos, a xulgar pola escasa eficacia que demostrastes en todos estes anos.

Agradecido de antemán polas prontas respostas que nos darás e as áxiles xestións que de seguro realizarás para resolver satisfactoriamente esta inxustiza. Recibe pois un cordial saúdo,

Fernando Suárez Barcia
Alcalde de Ribadeo

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

